



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS. AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS. SERVIZO PROVINCIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 19 de maio de 2026, do Servizo Provincial de Lugo, pola que se sinala a data para o levantamento de actas previas á ocupación e formalización de actas de ocupación dos bens e dereitos afectados polo "proxecto de construción da Adaptación da estrada LU-231, Friol-A Baiuca, punto quilométrico (p.q.) 0+000-18+700 (enlace autoestrada A-54) ao Plan de baixa intensidade media diaria (IMD) mellorada. Treito: 9+400-18+700", de clave LU/16/075.10.2, nos Concellos de Palas de Rei e Friol.

O artigo 28 do vixente Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu punto 2º a competencia da Comunidade Autónoma galega no desenvolvemento legislativo e na execución da legislación do Estado en materia de expropiación forzosa.

A aprobación definitiva do "proxecto de construción da Adaptación da estrada LU-231, Friol-A Baiuca, punto quilométrico (p.q.) 0+000-18+700 (enlace autoestrada A-54) ao Plan de baixa intensidade media diaria (IMD) mellorada. Treito: 9+400-18+700" de clave LU/16/075.10.2, produciuse en data 27 de outubro de 2025 por Acordo do Consello da Xunta de Galicia e foi publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 216 con data 7 de novembro de 2025. Esta aprobación definitiva implica a declaración de utilidade pública, a necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes, dos préstamos necesarios para executalas e para reposición de servizos afectados, previstos no proxecto, así como para a reformulación do proxecto e as modificacións deste que, se é o caso, puidesen aprobarse posteriormente, e a urxencia da ocupación, todo iso para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes, segundo o disposto no artigo 22.5 da Lei 8/2013, do 28 de xuño de Estradas de Galicia.

A tramitación do expediente expropiatorio debe axustarse ao disposto nos artigos 52 da vixente Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954, e 56 e seguintes do seu Regulamento do 26 de abril de 1957.

En consecuencia, este Servizo, en virtude da competencia delegada mediante Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritas a esta consellería, publicada no DOG nº 179, do 20 de setembro de 2017, resolveu convocar aos titulares de bens e dereitos afectados que figuran na relación exposta no taboleiro de anuncios dos concellos de Palas de Rei e Friol, para que comparezan nos lugares, data e horas que se detallan a seguir, co fin de proceder ao levantamento das actas previas á ocupación, nas cales se recollerán os datos necesarios para determinar os dereitos afectados, o valor destes e os prexuízos determinantes da rápida ocupación, sen prexuízo de se trasladaren ao lugar dos predios se o consideran necesario.

Concello de Palas de Rei.

Lugar: Casa do Concello (Avenida de Compostela nº 28, 27200 Palas de Rei)

Data: 13 de xullo de 2026, das 9:40 ás 13:20 horas e das 16:00 ás 17:20 horas.

Data: 14, 15, 16 de xullo de 2026, das 9:00 ás 13:20 horas e das 16:00 ás 17:20 horas.

Data: 17 de xullo de 2026, das 9:00 ás 13:20 horas.

Concello de Friol.

Lugar: Casa do Concello (Pza. de España 4, 27220 Friol).

Data: 20 de xullo de 2026, das 10:30 ás 11:00 horas.

A relación de titulares cos bens e dereitos afectados, así como os planos parcelarios correspondentes estarán expostos nos concellos de Palas de Rei e Friol, e no Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas de Lugo (Edificio Administrativo, Ronda da muralla, nº 70 - 27071 Lugo), e publicaranse no seguinte enlace da páxina web da Consellería:

https://vivendaeinfraestructuras.xunta.gal/avisos?content=aviso_0388.xml

Así mesmo, realizarase a convocatoria aos interesados ao levantamento das actas previas mediante notificación individual.

Ao dito acto deberán acudir os titulares afectados persoalmente ou ben representados pola persoa debidamente autorizada para actuar no seu nome, xuntando os documentos acreditativos da súa titularidade, documento nacional de identidade (e, de ser o caso, outra documentación que se requira, xustificante do pagamento do IBI...), así como certificado de conta con códigos IBAN e BIC, co fin de realizar os sucesivos pagamentos que sexan procedentes mediante transferencia bancaria, podendo facerse acompañar pola súa conta, se o consideran oportuno, dos seus peritos e notarios.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 49 do Regulamento de expropiación forzosa do 26 de abril de 1957, este Servizo, unha vez levantadas as actas previas á ocupación, e habilitado o crédito oportuno, realizará o pagamento, mediante transferencia bancaria, do importe dos depósitos previos e indemnizacións por rápida ocupación. No suposto de non ter presentado o certificado de titularidade da conta bancaria, con códigos IBAN e BIC, e a copia do DNI, consignarase o importe na Caixa Xeral de Depósitos, conforme o disposto no artigo 51 do Regulamento de expropiación forzosa do 26 de abril de 1957.

En cumprimento do artigo 55 do Regulamento de expropiación forzosa do 26 de abril de 1957, neste mesmo acto, convócase ao acto de formalización das actas de ocupación o cal terá lugar, logo de producirse o aboamento dos depósitos previos e indemnizacións por rápida ocupación, no lugar e na data que se indican:

Concello de Palas de Rei.

Lugar: Casa do Concello (Avenida de Compostela nº 28, 27200 Palas de Rei)

Data: 21 de setembro de 2026, das 9:45 ás 13:30 horas.

Data: 22, 23, 24 de setembro de 2026, das 9:00 ás 13:30 horas.

Concello de Friol.

Lugar: Casa do Concello (Pza. de España 4, 27220 Friol).

Data: 25 de setembro de 2026, das 10:30 ás 11:00 horas.

No mesmo acto ofertaráselles aos propietarios as valoracións establecidas pola Administración para cada un dos predios en concepto de mutuo acordo.

O presente acordo faise público, para xeral coñecemento, advertindo aos titulares que na acta figurarán os donos da cousa ou titulares do dereito expropiado, non admitíndose representación senón por medio de poder debidamente autorizado (notarial, xudicial ou do consulado), xa sexa xeral ou particular para este caso, debendo achegar a documentación necesaria para acreditar a sucesión en caso de figurar o terreo a nome de herdeiros; e que se deberá identificar co documento nacional de identidade.

Lugo, 19 de maio de 2026.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestructuras, Gerardo Pallares Sánchez.

R. 1358

CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

Anuncio

EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN AL PRESUPUESTO DE GASTOS POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO

Polo Pleno do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento en sesión celebrada o pasado día 28 de maio de 2026, aprobouse provisionalmente o expediente de modificación do orzamento de gastos por Suplemento de Crédito.

En virtude do disposto nos artigos 169 e 177 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, dito expediente expónse ao público na Secretaría deste consorcio durante o prazo de 15 días hábiles, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio, aos efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que consideren oportunas aos seus dereitos.

No suposto de non presentarse reclamacións no prazo indicado o expediente entenderase definitivamente aprobado producindo efectos dende a data de aprobación provisional una vez que se publique integramente.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Lugo, 28 de maio de 2026.- O secretario interventor, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1390

CONCELLOS CASTROVERDE

Anuncio

PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN DUN POSTO DE PEON DE SERVIZOS DIVERSOS DURANTE 5 MESES, DO CONCELLO DE CASTROVERDE, NO MARCO DO PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2026, FINANCIADO POLA EXCELENTISIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Por Acordo de Xunta de Goberno de data 20 de maio do 2026, aprobáronse as bases da convocatoria indicada.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Castroverde con arreglo ao modelo que figura nas bases.

A presentación das solicitudes farase no rexistro de documentos do Concello de Castroverde ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de **CINCO (5) días hábiles** a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases poden ser consultadas na web municipal (<https://concellodecastroverde.gal>)_no taboleiro de anuncios do Concello de Castroverde e na páxina web da Excelentísima Deputación de Lugo

Castroverde, 26 de maio de 2026.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 1359

Anuncio

PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN DUN POSTO DE PEON DE SERVIZOS DIVERSOS DURANTE 4 MESES, DO CONCELLO DE CASTROVERDE, NO MARCO DO PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2026, FINANCIADO POLA EXCELENTISIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Por Acordo de Xunta de Goberno de data 20 de maio do 2026, aprobáronse as bases da convocatoria indicada.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Castroverde con arreglo ao modelo que figura nas bases.

A presentación das solicitudes farase no rexistro de documentos do Concello de Castroverde ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de **CINCO (5) días hábiles** a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases poden ser consultadas na web municipal (<https://concellodecastroverde.gal>)_no taboleiro de anuncios do Concello de Castroverde e na páxina web da Excelentísima Deputación de Lugo

Castroverde, 26 de maio de 2026.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 1360

Anuncio

PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN DE DOUS POSTOS DE PEON-CONDUTOR DURANTE 6 MESES, DO CONCELLO DE CASTROVERDE, NO MARCO DO PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2026, FINANCIADO POLA EXCELENTISIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Por Acordo de Xunta de Goberno de data 20 de maio do 2026, aprobáronse as bases da convocatoria indicada.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Castroverde con arreglo ao modelo que figura nas bases.

A presentación das solicitudes farase no rexistro de documentos do Concello de Castroverde ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de **CINCO (5) días hábiles** a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases poden ser consultadas na web municipal (<https://concellodecastroverde.gal>)_no taboleiro de anuncios do Concello de Castroverde e na páxina web da Excelentísima Deputación de Lugo

Castroverde, 26 de maio de 2026.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 1361

A RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

Vista a Resolución da Alcaldía, de data 26 de maio de 2026, na que **se declara deserta unha praza de monitor/a forestal**, cuxas bases xerais foran aprobadas mediante Resolución da Alcaldía, de data 5 de maio, para rexer o procedemento para a selección dun/dunha director/a, dous/dúas monitores/as forestais e un/unha administrador/a, para o Obradoiro de Emprego “*O Castro XI*”, a xornada completa (100%) e cunha duración de nove (9) meses.

Segundo o disposto na base quinta (5ª) das citadas bases ábrese **un novo prazo de cinco (5) días naturais**, comenzando a computarse o dito prazo a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e irán dirixidas ao Sr. Alcalde, presentándose no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, de 09.00 a 14.00 horas.

As citadas bases atópanse publicadas na páxina web do Concello: www.ribeiradepiquin.es, podendo consultarse tamén nas oficinas municipais en horario de oficina.

A Ribeira de Piquín, 26 de maio de 2026.- O alcalde-presidente, don Roberto Fernández Rico.

R. 1362
